



XV CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES

19/10/2014

Regulamento

1. As probas disputaranse o domingo 19 de outubro na localidade de Bertamirás. A saída e chegada de cada proba farase nas inmediacións do Pazo da Peregrina (Avenida José Luis Azcárraga). O circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado e contará con indicacións en cada kilómetro.

2. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licencia federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago de Compostela).

3. As inscricións de todas as probas realizaranse a través da web www.emesports.es enchendo o formulario de inscrición. Tamén se poderá realizar presencialmente nas tendas deportivas:

- **Deportes Amesport**: Avenida da Maía 83 Baixo (Bertamirás- Ames)

- **Deportes Metrópolis**: Avenida da Peregrina 1 Baixo (Bertamirás- Ames)

O prazo de inscrición rematará o mércores 15 de outubro ás 22:00 horas.

PREZOS DA INSCRICIÓN:

- Categorias escolares (de pitufo a cadete): gratuíta

- Proba absoluta (de xuvenil a veterano): **5 €**.

* Poderase formalizar o pagamento a través da pasarela de pago na propia web.

** Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido, nin o día da carreira.

4. Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada no Pazo da Peregrina (Avenida José Luis Azcárraga) o día anterior á carreira (sábado 18 de outubro) en horario das 17:00 ás 20:00 horas ou no mesmo día da carreira ata media hora antes da proba correspondente. **Recoméndase para non gardar colas recoller o dorsal o día anterior no lugar establecido.**

5. A carreira estará controlada ao longo de todo o percorrido a través dun chip que se entregará a cada corredor e que deberá entrelazar no cordón dunha das súas zapatillas antes da saída. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou sen o seu chip ou non o leve colocado de xeito correcto, será automaticamente desqualificado/a.

6. Recibirán trofeos os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría e

tamén os/as tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.

Na proba absoluta recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as locais empadroados/as no Concello de Ames.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor poderá recibir dous trofeos (agás os premios aos atletas locais).

A entrega de trofeos farase ao remate de todas as probas no lugar da SAIDA.

Non se realizará premiación nin se lle dará trofeos aos participantes das categorías prebenxamín e pitufo. Nestas categorías entregaráselle unha medalla conmemorativa do evento a cada participante.

Aos/ás atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

7. Os e as participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

8. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularáselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

9. O horarios das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

10. Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.


11. Establécense as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
Pitufo	nados/as no 2010 e posteriores	200 metros	12:00 horas
Prebenxamín	nados/as no 2007, 2008 e 2009	350 metros	12:05 horas
Benxamín	nados/as no 2005 e 2006	1.000 metros	12:10 horas
Alevín	nados/as no 2003 e 2004	1.000 metros	12:20 horas
Infantil	nados/as no 2001 e 2002	2.000 metros	12:30 horas
Cadete	nados/as no 1999 e 2000	2.800 metros	12:45 horas
Xuvenil-junior	nados/as no 1995, 1996, 97 e 98	10.170 metros	10:45 horas
Absoluta	nados/as no 1994 ata veteranos		
Veterano 1	nados entre o 1979 e 1969		
Veterano 2	nados entre o 1968 e 1959		
Veterano 3	nados no 1958 e anteriores		
Veterana 4	nadas entre o 1979 e 1969		
Veterana 5	nadas no 1968 e anteriores		

SERVIZO DE DUCHAS: PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS
HABERÁ SORTEO DE AGASALLOS AO REMATE DAS CARREIRAS

PERCORRIDOS

- Xuvenil-junior, absoluta, veterano 1, veterano 2, veterano 3, veterana 4 e veterana 5 (10.170 metros): 10:45 horas



- Pitufu (200 metros): 12:00 horas

- Prebenxamín (350 metros): 12:05 horas



- Benjamín (1000 metros): 12:10 horas
- Alevín (1000 metros): 12:20 horas
- Infantil (2000 metros / 2 voltas): 12:30 horas



- Cadete: (2800 metros / 2 voltas): 12:45 horas

